



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA 14 DE MARZO DO 2011.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día catorce de marzo de dous mil once; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Anxo Collarte Pérez e Don José Ignacio Gómez Pérez e Dona Manuela Iglesias Collarte. Non asiste Don Emilio J. Cuiñas Otero.

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández.

Está presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

### **1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 9 de marzo do dous mil once (Ordinaria).

### **2.- OBRAS MAIORES.-**

Non houbo.-

### **3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.-**

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Escrito de Don Francisco Javier Perez Martínez, con data RE 3 de marzo de 2011 N° RE 1106, relativo a consulta de dosieres de prensa do 2000 ao 2004.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que actualmente nas dependencias do Concello non se dispon da documentación solicitada.

2. Escrito de Don José Iván Martínez Arias, con data RE 10 de marzo de 2011 N° RE 1228.

### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

Non houbo.-



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

## **5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**

### **SOLICITUD DE TRIENIOS.-**

Dase conta das solicitudes feitas por Dona Mercedes Milagrosa Garcia Garcia e Dona Inés Vazquez Veiga sobre recoñecemento de trienios.

A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos seus asistentes comunicar aos solicitantes que de acordo co criterio da Sentenza 170/11 do Xulgado do Social nº1 de Ourense, terán dereito ao seu recoñecemento a partires do 1 de xaneiro do 2013.

### **ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO CONTRATO DE SERVICIOS “DISEÑO DA REDE DE SENDEIROS E RUTAS CICLOTURÍSTICAS DA RUTA DO VIÑO DO RIBEIRO”.-**

Ponse de manifesto a Xunta De Goberno Local o expediente tramitado para contratar mediante procedemento negociado sen publicidade o servizo “DISEÑO DA REDE DE SENDEIROS E RUTAS CICLOTURÍSTICAS DA RUTA DO VIÑO DO RIBEIRO”, segundo prego de prescripci3ns t3cnicas e prego de clausulas administrativas particulares.

Os pregos de Cl3usulas Administrativas Particulares foron aprobados 3 15 de novembro de 2010 publicandose no perfil do contratante e presentandose as empresas Serviterra Enxeñer3a, S.L., Xogos e Obras Cogumelo S.L. e Tagem Ata Cooperativa, proced3ndose a adxudicaci3n provisional mediante acordo de data 21 de febreiro de 2011 a empresa Serviterra Enxeñer3a, S.L, que acreditou estar ao corrente das obrigacions tributarias e de Seguridade Social, e consignando o importe de garant3a definitiva (2.278,83 €), mediante aval depositado na tesourer3a municipal en data de 21.02.2011.

Deliberado sobre o particular a Xunta de Goberno Local aprobou por unanimidade dos seus asistentes os seguintes acordos:

1. Adxudicar definitivamente o contrato de servizos “DISEÑO DA REDE DE SENDEIROS E RUTAS CICLOTURÍSTICAS DA RUTA DO VIÑO DO RIBEIRO”, a empresa Serviterra Enxeñer3a, S.L.
2. A formalizaci3n do contrato realizarase dentro dos 30 d3as naturais seguintes a da notificaci3n do acordo de adxudicaci3n definitiva, facultandose ao Sr. Alcalde para a sinatura do mesmo.

## **6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as d3as do mediod3a, o Sr. Alcalde, ergueu a sesi3n, estend3ndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.